



**GUÍA PARA AVALIAR  
A ACTIVIDADE DOCENTE  
DO PROFESORADO DA UDC  
COMITÉS DE AVALIACIÓN  
DOCENTE  
(CAD)**

**Edición: 11**

**Data aprobación CIU: 22/05/2026**

## XV convocatoria de implantación do Programa Docentia

### A. Consideracións xerais

- A convocatoria e o manual do Programa Docentia pódense consultar na páxina web da Unidade Técnica de Calidade (UTC) ([Ligazón](#))
- A ligazón para acceder á aplicación informática a través da cal se realiza a avaliación é: [https://www.qdsug.es/docentia/udc/index.php?idioma=gl\\_ES](https://www.qdsug.es/docentia/udc/index.php?idioma=gl_ES)
- Na XV convocatoria aválfase o quinquenio docente correspondente aos cursos académicos comprendidos entre o **2020/21 e o 2024/25**.
- Nesta convocatoria está a participar o seguinte profesorado:
  - O que até o momento non foi avaliado neste programa.
  - O que ten avaliado, entre a I e a X convocatoria, algún quinquenio comprendido entre os cursos académicos 2003/04 e 2018/19, e non solicitara, ata o momento, unha nova avaliación.
  - O que foi avaliado nas anteriores convocatorias e non obtivo unha avaliación positiva, sempre que cumpra co establecido no apartado 3 do *manual do Programa Docentia*.

É moi importante que os membros dos Comités de Avaliación Docente (CAD) teñan en conta o seguinte:

1. Segundo figura no manual do Programa Docentia (páx. 22), unha das funcións e responsabilidades dos CAD é valorar o expediente do/a profesor/a segundo a información que consta na aplicación informática e baseándose no establecido no dito Manual e nos criterios de avaliación que figuran no anexo I desta guía.
2. De acordo co indicado no manual (páx. 15-16), **excluirase do proceso de avaliación** o profesorado cuxo expediente **non conteña a información necesaria e suficiente** para que os CAD poidan avaliar o desempeño da súa actividade docente de maneira obxectiva, fiable e con garantías. Esta situación producirase cando se dea algunha das seguintes circunstancias:
  - Non se achegue o **autoinforme** no prazo establecido, non conteña a información necesaria para valorar a súa actividade docente, **non se axuste ao modelo establecido neste manual (anexo III da vixente edición do manual)** ou que a súa **extensión supere as 18 páxinas, sen incluír a portada**.

- **O expediente** do/a profesor/a **non conteña as evidencias e indicadores suficientes** (anexo I da vixente edición do manual) para poder valorar a súa actividade docente.
- **Dous ou máis autoinformes conteñan identidades substanciais no seu contido.** Neste caso quedará excluído do proceso todo o profesorado afectado ou implicado e non poderá volver participar neste programa até transcorreren dúas novas convocatorias.
- **As autoridades académicas** (persoa responsable do centro en que o/a profesor/a teña docencia maioritaria e de quen o/a profesor/a solicitou obter informe, de ser o caso, e da persoa responsable do departamento) **non acheguen o informe** sobre a actividade docente do/a profesor/a **ou non conteña a información necesaria para valorar a calidade do seu desempeño docente.**

Nestes casos, o/a presidente/a do CAD comunicarlle á CIU a situación detectada e esta, tras as comprobacións que procedan, de ser o caso, emitirá unha resolución motivada da/s causa/s da exclusión no proceso, que será remitida ao profesorado afectado.

**De acordo con isto, a Universidade da Coruña (UDC) solicítalles que, se no momento de realizar a avaliación individual, detectan algunha destas situacións, informen o/a presidente/a do CAD.** Porén, o CAD deberá continuar coa avaliación do/s expediente/s, salvo que o autoinforme non se axuste aos criterios do apartado 4.3.1 do manual, suposto no que non será avaliado.



## B. Consideracións sobre as evidencias/indicadores

- As **evidencias e os indicadores a ter en conta** figuran no **anexo I do manual do Programa Docentia** e nos **anexos II e III da XV convocatoria**.
- **As evidencias que incorporou a Unidade Técnica de Calidade** na aplicación informática, ao proceder das bases de datos da UDC, teñen validez por si mesmas e **NON requiren de ligazón ao certificado/xustificante correspondente**.
- **As evidencias que incorporou o profesorado** na aplicación informática **TEÑEN que ter obrigatoriamente unha ligazón ao certificado/xustificación correspondente**.
- O/a avaliador/a **debe comprobar que os datos que figuren nos certificados/xustificantes se corresponden co quinquenio que se avalía (2020/21 ao 2024/25)** e son coherentes **cos campos de cada unha das evidencias en que se presentan**.
- Se o/a avaliador/a **detecta algunha evidencia/indicador duplicada**, queda ao seu criterio **escoller en que apartado a debe valorar**, de xeito que se garanta sempre a **ausencia de duplicidade e se beneficie (ou non se prexudique) ao/á docente**.
- **Só se poderán considerar dentro da avaliación aqueles elementos que se apoien na evidencia documental correspondente**.
- O **expediente do profesorado** ten que contar, **como mínimo**, con **dous informes de autoridades académicas**, un da **persoa responsable do centro en que o profesor/a ten docencia maioritaria** e outro da **persoa responsable do departamento**.
- De seguido relaciónanse unhas consideracións específicas relativas as seguintes evidencias:
  - *Docencia non recollida no POD*  
O/a avaliador/a **só debe valorar a docencia impartida en títulos oficiais de grao ou de máster universitario de fóra da UDC, en títulos propios e na Universidade Sénior**.



- *Docencia en inglés e/ou galego*

**En ningún caso se terá en conta esta docencia cando se trate de ensinanzas que necesariamente se deben impartir nesa lingua aínda que o/a profesor/a a incorpore na reflexión do autoinforme. Exemplo: materias de lingua e literatura inglesa.**

- *Avaliación da docencia polo alumnado (Enquisa DA)*

No curso académico 2022/23, a UDC modificou a enquisa o que redundou na redución de ítems. Polo tanto, o/a avaliador/a vai atopar que, **nos cursos 2022/23, 2023/24 e 2024/25 nalgún dos ítems non hai datos ao non teren correspondencia cos da enquisa dos cursos académicos anteriores que se avalían.** Esta circunstancia non pode afectar negativamente á valoración desta evidencia.

- *Guías docentes do último curso académico en que impartiu cada materia*

**Non se deben valorar as guías docentes das materias de Traballos fin de grao (TFG), Traballos fin de mestrado (TFM), Prácticum e Prácticas externas.**

No caso de que figuren **guías docentes incompletas**, débese propoñer ao profesorado, como acción de mellora cubrilas completamente.

- *Participación en comisións doutras institucións relacionadas coa innovación e a organización da docencia universitaria*

**Non se debe valorar a participación en comisións de selección de profesorado ou órganos de representación (Xunta de Persoal ou Comité de Empresa) nin a participación en comisións de investigación e transferencia.**

- *Participación en programas ou en proxectos internacionais de cooperación financiados en convocatorias competitivas (Erasmus Mundus, IP, Accompanying measures, Tempus, Grundtvig, Jean Monnet, Edulink, Alfa, Cooperación con países industrializados, PCI-AECID, BIP outros)*

**Se o obxectivo da participación non é docente, non se debe valorar nesta avaliación.**

- *Organización e participación en actividades de reforzo curricular (cursos cero, cursos de nivelación ou similar), actividades de mentoría no ensino superior (titorización de prácticas extracurriculares, titorización de bolseiros/as de departamento ou similar) e actividades de titorización para a materia*

- **As actividades de reforzo curricular (cursos cero, cursos de nivelación ou similar) e as actividades de mentoría no ensino superior (titorización de**



**prácticas extracurriculares, titorización de bolseiros/as de departamento ou similar)** deben contar cun certificado acreditativo da súa realización.

- As **actividades de titorización para a materia**, tal como se lle indicou ao profesorado, son aquelas «actividades extra que o/a profesor/a realizou fóra do horario da clase e/ou titorías para lle axudar ao alumnado a superar a materia ou como complemento formativo a esta».

En consecuencia, os membros dos CAD **só deben ter en conta as que se axusten á esta definición ben na descrición da evidencia ou ben no correspondente apartado do autoinforme, ao non ser preciso** que o profesorado presente a ligazón ao **certificado/xustificante acreditativo da súa realización**.

- *Materiais deseñados para o último curso académico en que impartiu cada materia*

Tal como figura no anexo I, **os membros do CAD deben valorar a calidade e a diversidade dos materiais** que presenta o profesorado.

Segundo se lle indicou ao profesorado, as evidencias poden consistir nun único documento en formato PDF (que **englobe a diversidade dos materiais** que emprega en cada materia no proceso de ensino-aprendizaxe) ou nunha ligazón desde a que se poida acceder aos diferentes materiais de cada materia.

Se o profesorado incorporou materiais que foron deseñados para as materias de Traballo de fin de grao (TFG) / Traballo de fin de mestrado (TFM), Prácticum e Prácticas externas **téñense que valorar**.

- *Utilización de Moodle/Campus Virtual/Campus Online ou doutras plataformas virtuais similares no último curso académico en que impartiu cada materia*

Poden constar evidencias sobre:

- a) **plataformas virtuais en sentido estrito** (por exemplo, Moodle UDC/Campus Virtual/Campus Online)
- b) **outras ferramentas** empregadas polo profesorado na súa docencia.

**O/a avaliador/a só as valorará se pode acceder o seu contido ben a través dunha ligazón a estas ou a capturas de pantalla, no caso de que o acceso sexa restrinxido.**

- *Organización, impartición e participación como alumno/a en cursos de formación relacionados coa docencia universitaria (do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de*



*Normalización Lingüística e/ou doutras institucións) e congresos e xornadas de innovación docente de 10 ou máis horas presenciais/virtuais*

**Non se deben valorar os cursos/congresos/xornadas que teñan unha duración inferior a 10 horas presenciais ou virtuais.**

- *Contribucións a congresos e a xornadas de innovación docente*

O/a avaliador/a deberá **realizar a valoración tendo en conta a súa vinculación coa innovación docente.**

- *Publicacións docentes: libros, manuais, monografías e publicacións de ámbito xeral da disciplina con finalidade docente (autoría, edición e avaliación)*

O/a avaliador/a, como persoa experta na materia, **debe ter en conta unicamente aqueles libros, manuais etc.** que se **utilizan de forma directa na docencia**, e excluír os que son nitidamente do ámbito da investigación.

- *Estadías de mobilidade docente/formación en institucións de educación superior nacionais e estranxeiras*

Nesta evidencia pode xurdir o mesmo conflito que en evidencias anteriores, en que **a liña divisoria entre as finalidades docente e investigadora non está clara, é difusa.** Por tanto, **queda a criterio do/a avaliador/a, como persoa experta, valorar as evidencias que se presenten atendendo á reflexión que o profesorado faga no autoinforme sobre as actividades desenvolvidas** durante a estadía de mobilidade/formación.

### C. Consideracións sobre as accións de mellora

- Tal como establece o manual do Programa Docencia (páx. 22), **tanto os membros do CAD como o comité no seu conxunto teñen que establecer as accións de mellora** (actividades de formación e innovación, cumprimento de obxectivos concretos etc.) **que o/a profesor/a deberá levar a cabo, agás que a valoración sexa de desempeño excelente.**
- As accións de mellora propostas **débenlle axudar ao profesorado a identificar o/s punto/s débil/es e indicar que actuacións debe realizar e con que finalidade. Incluiranse exemplos concretos, cando sexa posible.** As ditas accións estarán **redactadas en infinitivo, en formato de listaxe, e nelas evítanse os xuízos de valor.**

A continuación, preséntanse **algúns exemplos de accións de mellora:**

Acción de mellora de convocatorias anteriores	Proposta de nova redacción de acción de mellora
«Recoméndase incrementar o uso da plataforma Moodle/Campus Virtual/Campus Online»	Empregar a plataforma Moodle/Campus Virtual como ferramenta central de apoio á docencia: organizar contidos e actividades, facilitar o acceso a recursos e materiais, promover a participación en foros de discusión, realizar o seguimento continuado do alumnado e comunicar información relevante. Trátase, en definitiva, de que o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe teña lugar dun xeito dinámico, participativo e interactivo»
«Recoméndase incrementar os resultados»	Mellorar as taxas de éxito (...), rendemento (...) e avaliación (...) mediante o desenvolvemento de metodoloxías de ensino-aprendizaxe innovadoras, o incremento do seguimento individualizado do progreso do alumnado e a revisión dos criterios de avaliación, co obxectivo de confirmar que estes son adecuados aos contidos e metodoloxías empregados, e permiten avaliar correctamente o grao de dificultade e a capacidade do estudiantado para superar as materias. De ser preciso, proceder ao axuste deses criterios.
«Recoméndase deseñar algún tipo de material»	Elaborar ou seleccionar materiais e recursos didácticos adaptados aos obxectivos da materia, que favorezan o desenvolvemento e enriquecemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
«Recoméndase mellorar no uso de recursos multimedia e contorno virtual»	Empregar recursos multimedia e ferramentas do contorno virtual co fin de mellorar a eficacia das distintas actividades formativas, fomentar a participación e a motivación do alumnado, desenvolver a creatividade e o pensamento crítico, e mellorar a calidade do proceso formativo.



- As resolucións da Comisión Interna da Universidade (CIU), emitidas nas convocatorias anteriores e recibidas polo profesorado xa avaliado, están dispoñibles na aplicación. **É preciso que o/a avaliador/a revise se as accións de mellora propostas foron implementadas. No caso de confirmarse o seu cumprimento, non se lle debe recomendar a realización destas mesmas accións na presente avaliación.**
- No caso de que o CAD acorde concederlle a algún/ha profesor/a unha valoración de avaliación condicionada (ver pax. 24 do manual do Programa Docencia), no Informe do CAD (anexo VI do manual do Programa Docencia) debe constar un plan de mellora específico que o/a docente ten que executar. O dito plan debe orientar ao/á profesor/a cara a consecución dos estándares dun desempeño, cando menos, aceptable mediante **accións de mellora realizables no prazo co que conta para xustificar a súa execución.**



# **ANEXO I**

## **Dimensións da avaliación docente e puntuacións**

## 1. DIMENSIÓN: PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA (35 PUNTOS)

### 1.1. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DOCENTES

		EVIDENCIAS/INDICADORES	CÁLCULO	PUNTUACIÓN MÁXIMA	
1.1.1 ENCARGA DOCENTE	PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES (Máximo 10 puntos)	Docencia recollida no POD da UDC	<p>2 puntos polo número e a diversidade de títulos e materias en que impartiu docencia</p> <p>3 puntos polo número de horas impartidas</p> <p><math>T = \text{"Total horas de docencia estrutural cuberta + outras actividades encargo Docente"}</math></p> <p><math>D = \text{"Dedicación base - total compensacións e reducións"}</math></p>	<p>Para cada curso valorarase se impartiu:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- docencia en grao</li> <li>- docencia en máster universitario</li> <li>- docencia en máis de dous títulos</li> <li>- docencia en máis de dúas materias</li> </ul> <p>De cumprir os criterios anteriores obterase a puntuación máxima</p>	5 puntos
		Participación en tribunais de traballos de fin de grao e de fin de máster	0,1 puntos por cada traballo avaliado		
		Participación en tribunais de teses de doutoramento	0,25 puntos por tribunal de tese		0,5 puntos
		Dirección de traballos de fin de grao ou de fin de máster	En función da rama de coñecemento, outorgarase un mínimo de 0,25 puntos por dirección de traballo		3,5 puntos
	PESO DO ESTUDANTADO (Máximo 10 puntos)	Enquisa DA, ítem 14 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)	<p><b>Baremo:</b></p> <p><math>MU = \text{"Media UDC"}</math></p> <p><math>MT = \text{"Media Titulación"}</math></p> <p><math>MD = \text{"Media Docente"}</math></p>	<p>1º) Calcúlase o mínimo entre MU e MT: <math>MM = \text{"Media mínima"}</math></p> <p>2º) Calcúlanse os seguintes valores: <math>A = (MM+2)/3</math>; <math>B = (2*MM+1)/3</math>; <math>C = (MM+7)/2</math></p> <p>3º) Calcúlase a puntuación do/a docente sobre 9 puntos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 9 puntos se <math>MD \geq C</math> e <math>MD \leq 7</math> (<math>C \leq MD \leq 7</math>)</li> <li>- 8 puntos se <math>MD \geq MM</math> e <math>MD &lt; C</math> (<math>MM \leq MD &lt; C</math>)</li> <li>- 6 puntos se <math>MD \geq B</math> e <math>MD &lt; MM</math> (<math>B \leq MD &lt; MM</math>)</li> <li>- 4 puntos se <math>MD \geq A</math> e <math>MD &lt; B</math> (<math>A \leq MD &lt; B</math>)</li> <li>- 2 puntos se <math>MD &lt; A</math></li> </ul> <p>4º) Engádese 1 punto se <math>MD \geq \text{máximo}(MU, MT)</math></p>	10 puntos
	PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista <b>reflexión/xustificación</b> respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.		10 puntos
PUNTUACIÓN ADICIONAL* PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES (Máximo 0,5 puntos)	Docencia non recollida no POD da UDC (impartición de docencia en títulos oficiais de grao ou de máster universitario de fóra da UDC, títulos propios e Universidade Sénior)	0,1 puntos por curso académico		0,5 puntos	

		EVIDENCIAS/INDICADORES	CÁLCULO	PUNTUACIÓN MÁXIMA	
1.1.2. ORGANIZACIÓN DO ENSINO	PESO DAS EVIDENCIAS/ INDICADORES (Máximo 10 puntos)	Guía docente do último curso académico en que impartiu cada materia (excepto as guías das materias de TFG/TFM, Prácticum e Prácticas externas)	<p><b>Terase en conta:</b>  <b>NGC</b> = "Nº de guías completamente cubertas"  <b>NGM</b> = "Nº de guías que o/a profesor/a debe achegar no quinquenio"</p>	<p>Calcúlase <b>PGC=NGC/NGM</b> e asígnase puntuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 10 puntos se <math>PGC \geq 0,8</math> (<math>PGC \geq 0,8</math>)</li> <li>- 8 puntos se <math>PGC \geq 0,6</math> e <math>PGC &lt; 0,8</math> (<math>0,6 \leq PGC &lt; 0,8</math>)</li> <li>- 6 puntos se <math>PGC \geq 0,4</math> e <math>PGC &lt; 0,6</math> (<math>0,4 \leq PGC &lt; 0,6</math>)</li> <li>- 4 puntos se <math>PGC \geq 0,2</math> e <math>PGC &lt; 0,4</math> (<math>0,2 \leq PGC &lt; 0,4</math>)</li> <li>- 2 puntos se <math>PGC &lt; 0,2</math></li> <li>- 0 puntos se <math>PGC = 0</math></li> </ul>	10 puntos
	PESO DO ESTUDANTADO (Máximo 10 puntos)	<p>Enquisa DA, ítems 1, 5 e 10 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)</p> <p>Enquisa DA, ítems 2 e 4 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)</p>	<p><b>Baremo:</b>  <b>MU</b> = "Media UDC"  <b>MT</b> = "Media Titulación"  <b>MD</b> = "Media Docente"</p>	<p>1º) Calcúlase o mínimo entre MU e MT: <b>MM</b>="Media mínima"            2º) Calcúlanse os seguintes valores: <b>A</b>=(MM+2)/3 ; <b>B</b>=(2*MM+1)/3 ; <b>C</b>=(MM+7)/2            3º) Calcúlase a puntuación do/a docente sobre 9 puntos:            - 9 puntos se <math>MD \geq C</math> e <math>MD \leq 7</math> (<math>C \leq MD \leq 7</math>)            - 8 puntos se <math>MD \geq MM</math> e <math>MD &lt; C</math> (<math>MM \leq MD &lt; C</math>)            - 6 puntos se <math>MD \geq B</math> e <math>MD &lt; MM</math> (<math>B \leq MD &lt; MM</math>)            - 4 puntos se <math>MD \geq A</math> e <math>MD &lt; B</math> (<math>A \leq MD &lt; B</math>)            - 2 puntos se <math>MD &lt; A</math>            4º) Engádese 1 punto se <b>MD</b> <math>\geq</math> máximo(MU, MT)</p>	10 puntos
	PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista <b>reflexión/xustificación</b> respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.	10 puntos	

EVIDENCIAS/INDICADORES		CÁLCULO		PUNTUACIÓN MÁXIMA
1.1.3. COORDINACIÓN CON OUTRAS ACTUACIÓNS DOCENTES	<b>Participación en órganos colexiados da UDC, na xunta de centro, no consello de departamento e/ou en comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia e coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade</b>	<b>3 puntos</b> pola porcentaxe de asistencias: <i>(nº de asistencias / nº de convocatorias)*3</i>		<b>4 puntos</b>
		<b>1 punto</b> pola participación en diversidade de órganos: - Órganos colexiados da UDC (Claustro Universitario, Consello de Goberno e Comisións delegadas) - Xuntas de Centro e Comisións delegadas - Consello de Departamento e Comisións delegadas		
	<b>Participación en comisións doutras institucións relacionadas coa innovación e a organización da docencia universitaria</b>	0,1 puntos por curso académico		<b>0,5 puntos</b>
	<b>Participación en actividades de coordinación docente: responsable de campus de especialización, profesor/a responsable de titulación, coordinador/a de título (grao, máster e doutoramento), coordinador/a de curso, mención/especialidade e/ou módulo, coordinador/a de prácticas de laboratorio, asesor/a de teleformación</b>	<b>Tipo de actividades:</b> <b>Tipo I:</b> Responsable de campus especialización, profesor/a responsable de titulación ou coordinador/a de título (grao, máster e doutoramento). <b>Tipo II:</b> Coordinador/a curso, mención/especialidade e/ou módulo. <b>Tipo III:</b> Coordinador/a de prácticas de laboratorio, asesor/a de teleformación	<b>Puntos por tipo de actividade:</b> Tipo I: 3,5 puntos. Tipo II: 2,5 puntos. Tipo III: 2,0 puntos.  <b>Nota:</b> Calcúlase para cada curso do quinquenio e logo promediase	<b>3,5 puntos</b>
	<b>Participación en programas ou proxectos internacionais de cooperación financiados en convocatorias competitivas: Erasmus Mundus, IP, Acompaining measures, Tempus, Grundtvig, Jean Monnet, Edulink, Alfa, Cooperación con países industrializados, PCI (AECID), BIP e outros</b>	0,2 puntos por proxecto e ano		<b>1 punto</b>
	<b>Actividades desenvolvidas no eido das relacións internacionais (responsable de RRII do centro, titores/as académicos/as de intercambio, promotor/a de convenios que conducen a dobres titulacións ou títulos conxuntos, participación en Intercambio Virtual COIL (con certificado do/a secretario/a académico/a do centro)</b>	0,25 puntos por actividade e ano		<b>1 punto</b>
<b>PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)</b>	<b>Autoinforme</b>	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista <b>reflexión/xustificación</b> respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.		<b>10 puntos</b>

	<b>PESO DOS RESPONSABLES ACADÉMICOS (Máximo 10 puntos)</b>	<b>Informe das autoridades académicas</b>	Acadarase a máxima puntuación sempre que nos informes das autoridades académicas non figuren valoracións negativas.	<b>10 puntos</b>
--	--	---	---	------------------

## 1.2. PLANIFICACIÓN DO ENSINO E DA APRENDIZAXE EN RELACIÓN COAS MATERIAS IMPARTIDAS

1.2.1. RESULTADOS DE APRENDIZAXE PREVISTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES		CÁLCULO		PUNTUACIÓN MÁXIMA
	PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista <b>reflexión/xustificación</b> respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.		10 puntos
1.2.2. PLANIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS, TAREFAS E ACTIVIDADES DOCENTES EN FUNCIÓN DOS CRÉDITOS ASIGNADOS E O TEMPO PREVISTO QUE DEBE INVESTIR O ESTUDANTADO	PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES (Máximo 10 puntos)	Valoración destes apartados na guía docente do último curso en que impartiu cada materia.	<b>NGC</b> = "Nº de guías en que a PLANIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS, TAREFAS E ACTIVIDADES DOCENTES EN FUNCIÓN DOS CRÉDITOS ASIGNADOS E O TEMPO PREVISTO QUE DEBE INVESTIR O ESTUDANTADO é correcta " <b>NGM</b> ="Nº de guías que o/a profesor/a debe achegar no quinquenio"	Cálculase <b>PGC=NGC/NGM</b> e asígnase puntuación: - 10 puntos se $PGC \geq 0,8$ ( $PGC \geq 0,8$ ) - 8 puntos se $PGC \geq 0,6$ e $PGC < 0,8$ ( $0,6 \leq PGC < 0,8$ ) - 6 puntos se $PGC \geq 0,4$ e $PGC < 0,6$ ( $0,4 \leq PGC < 0,6$ ) - 4 puntos se $PGC \geq 0,2$ e $PGC < 0,4$ ( $0,2 \leq PGC < 0,4$ ) - 2 puntos se $PGC < 0,2$ - 0 puntos se $PGC = 0$	10 puntos
	PESO DO ESTUDANTADO (Máximo 10 puntos)	Enquisa DA, ítem 11 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)  Enquisa DA, ítem 3 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)	<b>Baremo:</b> <b>MU</b> = "Media UDC" <b>MT</b> = "Media Titulación" <b>MD</b> = "Media Docente"	1º) Cálculase o mínimo entre MU e MT: <b>MM</b> ="Media mínima" 2º) Cálculanse os seguintes valores: <b>A</b> =(MM+2)/3 ; <b>B</b> =(2*MM+1)/3 ; <b>C</b> =(MM+7)/2 3º) Cálculase a puntuación do/a docente sobre 9 puntos: - 9 puntos se $MD \geq C$ e $MD \leq 7$ ( $C \leq MD \leq 7$ ) - 8 puntos se $MD \geq MM$ e $MD < C$ ( $MM \leq MD < C$ ) - 6 puntos se $MD \geq B$ e $MD < MM$ ( $B \leq MD < MM$ ) - 4 puntos se $MD \geq A$ e $MD < B$ ( $A \leq MD < B$ ) - 2 puntos se $MD < A$ 4º) Engádese 1 punto se <b>MD</b> $\geq$ máximo(MU, MT)	10 puntos
	PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista <b>reflexión/xustificación</b> respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.		10 puntos

1.2.3. CRITERIOS E MÉTODOS DE AVALIACIÓN ACORDES COA METODOLOXÍA UTILIZADA POLO/A PROFESOR/A E CO PLANIFICADO	EVIDENCIAS/INDICADORES		CÁLCULO		PUNTUACIÓN MÁXIMA
	<b>PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES</b> (Máximo 10 puntos)	Valoración destes apartados na guía docente do último curso en que impartiu cada materia.	<p><b>NGC</b>= "Nº de guías en que os CRITERIOS E MÉTODOS DE AVALIACIÓN ACORDES COA METODOLOXÍA UTILIZADA POLO/A PROFESOR/A E CO PLANIFICADO son correctos"</p> <p><b>NGM</b> ="Nº de guías que o/a profesor/a debe achegar no quinquenio"</p>	<p>Calcúlase <b>PGC=NGC/NGM</b> e asígnase puntuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 10 puntos se <math>PGC \geq 0,8</math> (<math>PGC \geq 0,8</math>)</li> <li>- 8 puntos se <math>PGC \geq 0,6</math> e <math>PGC &lt; 0,8</math> (<math>0,6 \leq PGC &lt; 0,8</math>)</li> <li>- 6 puntos se <math>PGC \geq 0,4</math> e <math>PGC &lt; 0,6</math> (<math>0,4 \leq PGC &lt; 0,6</math>)</li> <li>- 4 puntos se <math>PGC \geq 0,2</math> e <math>PGC &lt; 0,4</math> (<math>0,2 \leq PGC &lt; 0,4</math>)</li> <li>- 2 puntos se <math>PGC &lt; 0,2</math></li> <li>- 0 puntos se <math>PGC = 0</math></li> </ul>	<b>10 puntos</b>
	<b>PESO DO ESTUDANTADO</b> (Máximo 10 puntos)	<p>Enquisa DA, ítems 18 e 19 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)</p> <p>Enquisa DA, ítem 3 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)</p>	<p><b>Baremo:</b></p> <p><b>MU</b> = "Media UDC"</p> <p><b>MT</b> = "Media Titulación"</p> <p><b>MD</b> = "Media Docente"</p>	<p>1º) Calcúlase o mínimo entre MU e MT: <b>MM</b>="Media mínima"</p> <p>2º) Calcúlanse os seguintes valores: <b>A</b>=(MM+2)/3 ; <b>B</b>=(2*MM+1)/3 ; <b>C</b>=(MM+7)/2</p> <p>3º) Calcúlase a puntuación do/a docente sobre 9 puntos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 9 puntos se <math>MD \geq C</math> e <math>MD \leq 7</math> (<math>C \leq MD \leq 7</math>)</li> <li>- 8 puntos se <math>MD \geq MM</math> e <math>MD &lt; C</math> (<math>MM \leq MD &lt; C</math>)</li> <li>- 6 puntos se <math>MD \geq B</math> e <math>MD &lt; MM</math> (<math>B \leq MD &lt; MM</math>)</li> <li>- 4 puntos se <math>MD \geq A</math> e <math>MD &lt; B</math> (<math>A \leq MD &lt; B</math>)</li> <li>- 2 puntos se <math>MD &lt; A</math></li> </ul> <p>4º) Engádese 1 punto se <b>MD</b> <math>\geq</math> máximo(MU, MT)</p>	<b>10 puntos</b>
	<b>PESO DO AUTOINFORME</b> (Máximo 10 puntos)	<b>Autoinforme</b>	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista <b>reflexión/xustificación</b> respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.		<b>10 puntos</b>

## 2. DIMENSIÓN: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO (35 PUNTOS)

### 2.1. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO E AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

2.1.1. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE REALIZADAS POLO PROFESORADO	EVIDENCIAS/INDICADORES		CÁLCULO		PUNTUACIÓN MÁXIMA
	PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias e indicadores, a valoración do alumnado e os informes das autoridades académicas (neste último caso se existen valoracións negativas), ademais das evidencias/indicadores que puntúan a maiores.		10 puntos
	PESO DAS AUTORIDADES ACADÉMICAS (Máximo 10 puntos)	Informe das autoridades académicas	Acadarse a máxima puntuación sempre que nos informes das autoridades académicas non figuren valoracións negativas.		10 puntos
	PESO DO ESTUDANTADO (Máximo 10 puntos)	Enquisa DA, ítems 3, 6 a 9, 15 a 17 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)  Enquisa DA, ítems 5, 6, 8 e 11 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)	Baremo: <b>MU</b> = "Media UDC" <b>MT</b> = "Media Titulación" <b>MD</b> = "Media Docente"	1º) Calcúlase o mínimo entre MU e MT: <b>MM</b> ="Media mínima" 2º) Calcúlanse os seguintes valores: <b>A</b> =(MM+2)/3 ; <b>B</b> =(2*MM+1)/3 ; <b>C</b> =(MM+7)/2 3º) Calcúlase a puntuación do/a docente sobre 9 puntos: - 9 puntos se MD >=C e MD<=7 (C<=MD<=7) - 8 puntos se MD >=MM e MD<C (MM<=MD<C) - 6 puntos se MD >=B e MD<MM (B<=MD<MM) - 4 puntos se MD >=A e MD<B (A<=MD<B) - 2 puntos se MD < A 4º) Engádese 1 punto se <b>MD &gt;= máximo(MU, MT)</b>	10 puntos
	PUNTUACIÓN ADICIONAL* PESO EVIDENCIAS/INDICADORES (Máximo 5 puntos)	Organización e participación en actividades de reforzo curricular (cursos cero, cursos de nivelación ou similar), actividades de mentoría no ensino superior (titorización de prácticas extracurriculares, titorización de persoas bolseiras ou similar) e actividades de titorización para a materia	0,5 puntos por curso académico		2,5 puntos
	Docencia en inglés e/ou galego (só se considera a docencia que consta no POD, inclúese <i>English Friendly</i> )	Docencia en inglés e/ou galego: 0,5 puntos por curso académico		2,5 puntos	
		<i>English Friendly</i> : 0,2 puntos por curso académico			

2.1.2. ACTIVIDADES CO ESTUDANTADO	EVIDENCIAS/INDICADORES		CÁLCULO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
	PESO DAS EVIDENCIAS/ INDICADORES (Máximo 10 puntos)	Participación en programas de difusión/divulgación institucionais tales como: programas de difusión das titulacións, programa de recepción de alumnado de ensino medio nos centros, programa de divulgación científica da UDC e programas/actividades relacionados coa igualdade, a sustentabilidade, a vida saudable e a atención á diversidade	0,5 puntos por actividade	5 puntos
		Participación no PAT (coordinador/a e/ou titor/a)	1,0 puntos por curso académico	
	PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores e os informes das autoridades académicas, en caso de que existan valoracións negativas.	10 puntos
	PESO DAS AUTORIDADES ACADÉMICAS (Máximo 10 puntos)	Informe das autoridades académicas	Acadarase a máxima puntuación sempre que nos informes das autoridades académicas non figuren valoracións negativas.	10 puntos

		EVIDENCIAS/INDICADORES	CÁLCULO	PUNTUACIÓN MÁXIMA	
2.1.3. MATERIAIS E RECURSOS PARA A DOCENCIA	PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES (Máximo 10 puntos)	<p>Materials deseñados para o último curso académico en que se impartiu cada materia</p> <p>(se o profesorado incorporou materiais que foron deseñados para as materias de TFG /TFM, Prácticum e Prácticas externas téñense que valorar)</p>	<p><b>Calidade e diversidade do material:</b>  <b>Non aporta:</b> 0 puntos  <b>Mínima:</b> 1,5 puntos  <b>Acceptable:</b> 3 puntos  <b>Excelente:</b> 5 puntos</p> <p><i>Nota: Calcúlase para cada materia e logo promediase</i></p>	5 puntos	
		<p>Utilización de Moodle/Campus Virtual/Campus Online ou doutras plataformas virtuais semellantes durante o último curso en que impartiu cada materia</p>	<p><b>Tipo de uso:</b>  <b>No aporta evidencia:</b> 0 puntos  <b>Básico:</b> 3 puntos  <b>Intensivo:</b> 5 puntos</p> <p><i>Nota: Calcúlase para cada materia e logo promediase</i></p>	5 puntos	
	PESO DO ESTUDANTADO (Máximo 10 puntos)	<p>Enquisa DA, ítems 4 e 12 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)</p> <p>Enquisa DA, ítem 7 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)</p>	<p><b>Baremo:</b>  <b>MU</b> = "Media UDC"  <b>MT</b> = "Media Titulación"  <b>MD</b> = "Media Docente"</p>	<p>1º) Calcúlase o mínimo entre MU e MT: <b>MM</b>="Media mínima"            2º) Calcúlanse os seguintes valores: <b>A</b>=(MM+2)/3 ; <b>B</b>=(2*MM+1)/3 ; <b>C</b>=(MM+7)/2            3º) Calcúlase a puntuación do/a docente sobre 9 puntos:            - 9 puntos se MD &gt;=C e MD&lt;=7 (C&lt;=MD&lt;=7)            - 8 puntos se MD &gt;=MM e MD&lt;C (MM&lt;=MD&lt;C)            - 6 puntos se MD &gt;=B e MD&lt;MM (B&lt;=MD&lt;MM)            - 4 puntos se MD &gt;=A e MD&lt;B (A&lt;=MD&lt;B)            - 2 puntos se MD &lt; A            4º) Engádese 1 punto se <b>MD &gt;= máximo(MU, MT)</b></p>	10 puntos
	PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.	10 puntos	

### 3. DIMENSIÓN: RESULTADOS (30 PUNTOS)

#### 3.1. RESULTADOS EN TERMOS DE OBXECTIVOS FORMATIVOS

		EVIDENCIAS/INDICADORES	CÁLCULO	PUNTUACIÓN MÁXIMA	
3.1.1. LOGROS ACADADOS POLO ESTUDANTADO	PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES (Máximo 10 puntos)	Número de alumnado matriculado/alumnado matriculado de 1ª matrícula	<p><b>Ratio para cada materia:</b>  <math>r = \text{"número de alumnado matriculado/número de alumnado matriculado en primeira matrícula"}</math></p> <p>Débase valorar con 0 puntos se a ratio "número de alumnado matriculado/número de alumnado matriculado en primeira matrícula" é <math>\geq 2</math></p>	<p>1º) Para cada materia calcúlase unha puntuación entre 0 e 2:            - 2 puntos se <math>r \geq 1,0</math> e <math>&lt; 1,25</math> (<math>1,0 \leq r &lt; 1,25</math>)            - 1,5 puntos se <math>r \geq 1,25</math> e <math>&lt; 1,5</math> (<math>1,25 \leq r &lt; 1,5</math>)            - 1 punto se <math>r \geq 1,5</math> e <math>&lt; 1,75</math> (<math>1,5 \leq r &lt; 1,75</math>)            - 0,5 puntos se <math>r \geq 1,75</math> e <math>\leq 2,0</math> (<math>1,75 \leq r &lt; 2,0</math>)            - 0 puntos se <math>r \geq 2,0</math> (<math>r \geq 2,0</math>)</p> <p>2º) A puntuación final é o promedio das obtidas para cada materia.</p> <p><b>Deixar en branco se o número de alumnado matriculado en primeira matrícula é 0</b></p>	2 puntos
		Taxa de éxito (alumnado aprobado/presentado)		<p>1º) Calcúlase o mínimo entre MU e MT: <b>MM="Media mínima"</b>            2º) Calcúlanse os seguintes valores: <b>A=MM/3 ; B=(2*MM)/3 ; C=(MM+100)/2</b></p>	2 puntos
		Taxa de rendemento (alumnado aprobado/matriculado)	<p><b>Baremo:</b>  <b>MU = "Media UDC"</b>  <b>MT = "Media Titulación"</b>  <b>MD = "Media Docente"</b></p>	<p>3º) Calcúlase a puntuación do/a docente sobre 1,8 puntos:            - 1,8 puntos se <math>MD \geq C</math> e <math>MD \leq 100</math> (<math>C \leq MD \leq 100</math>)            - 1,5 puntos se <math>MD \geq MM</math> e <math>MD &lt; C</math> (<math>MM \leq MD &lt; C</math>)            - 1,2 puntos se <math>MD \geq B</math> e <math>MD &lt; MM</math> (<math>B \leq MD &lt; MM</math>)            - 0,8 puntos se <math>MD \geq A</math> e <math>MD &lt; B</math> (<math>A \leq MD &lt; B</math>)            - 0,4 puntos se <math>MD &lt; A</math></p>	2 puntos
		Taxa de avaliación (alumnado presentado/matriculado)		<p>4º) Engádesse 0,2 punto se <b>MD <math>\geq</math> máximo(MU, MT)</b></p>	2 puntos
	Teses de doutoramento dirixidas e que foron defendidas publicamente (non en proceso de elaboración)		2 puntos por tese de doutoramento que foi defendida	2 puntos	
PESO DO ESTUDANTADO (Máximo 10 puntos)	Enquisa DA, ítems 20 a 23 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)	<p><b>Baremo:</b>  <b>MU = "Media UDC"</b>  <b>MT = "Media Titulación"</b>  <b>MD = "Media Docente"</b></p>	<p>1º) Calcúlase o mínimo entre MU e MT: <b>MM="Media mínima"</b>            2º) Calcúlanse os seguintes valores: <b>A=(MM+2)/3 ; B=(2*MM+1)/3 ; C=(MM+7)/2</b></p>	10 puntos	
	Enquisa DA, ítems 10 e 12 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)		<p>3º) Calcúlase a puntuación do/a docente sobre 9 puntos:            - 9 puntos se <math>MD \geq C</math> e <math>MD \leq 7</math> (<math>C \leq MD \leq 7</math>)            - 8 puntos se <math>MD \geq MM</math> e <math>MD &lt; C</math> (<math>MM \leq MD &lt; C</math>)            - 6 puntos se <math>MD \geq B</math> e <math>MD &lt; MM</math> (<math>B \leq MD &lt; MM</math>)            - 4 puntos se <math>MD \geq A</math> e <math>MD &lt; B</math> (<math>A \leq MD &lt; B</math>)            - 2 puntos se <math>MD &lt; A</math></p>		
PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.	10 puntos		

3.1.2. RESULTADOS OBTIDOS TENDO EN CONTA A SATISFACCIÓN DO ESTUDANTADO E DO/A PROPIO/A PROFESOR/A	EVIDENCIAS/INDICADORES		CÁLCULO		PUNTUACIÓN MÁXIMA
	PESO DO ESTUDANTADO (Máximo 10 puntos)	Enquisa DA, ítem 24 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)  Enquisa DA, ítem 13 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)	Baremo: <b>MU</b> = "Media UDC" <b>MT</b> = "Media Titulación" <b>MD</b> = "Media Docente"	1º) Calcúlase o mínimo entre MU e MT: <b>MM</b> ="Media mínima" 2º) Calcúlanse os seguintes valores: <b>A</b> =(MM+2)/3 ; <b>B</b> =(2*MM+1)/3 ; <b>C</b> =(MM+7)/2 3º) Calcúlase a puntuación do/a docente sobre 9 puntos: - 9 puntos se MD >=C e MD<=7 (C<=MD<=7) - 8 puntos se MD >=MM e MD<C (MM<=MD<C) - 6 puntos se MD >=B e MD<MM (B<=MD<MM) - 4 puntos se MD >=A e MD<B (A<=MD<B) - 2 puntos se MD < A 4º) Engádesse 1 punto se <b>MD &gt;= máximo(MU, MT)</b>	10 puntos
PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.		10 puntos	

### 3.2. REVISIÓN E MELLORA DA ACTIVIDADE DOCENTE: FORMACIÓN E INNOVACIÓN

3.2.1. CAMBIOS E MODIFICACIONES PROPOSTOS POLO/A PROFESOR/A TENDO EN CONTA AS CARENCIAS DETECTADAS NA PLANIFICACION OU NO DESENVOLVIMENTO DAS ACTIVIDADES DOCENTES	EVIDENCIAS/INDICADORES		CÁLCULO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
	<b>PESO DO AUTOINFORME</b> (Máximo 10 puntos)	<b>Autoinforme</b>	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión sobre este elemento (3.2.1).	<b>10 puntos</b>
<b>3.2.2. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DESENVOLVIDAS POLO/A PROFESOR/A</b>	<b>PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES</b> (Máximo 10 puntos)	<b>Participación como alumno/a en cursos de formación relacionados coa docencia universitaria (do CUFIE, do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións) e congresos e xornadas de innovación docente de 10 horas ou máis horas presenciais/virtuais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>1,0 puntos</b> por curso/congreso/xornada = 10 h</li> <li>- <b>1,5 puntos</b> por curso/congreso/xornada de &gt; 10 h e &lt;= 20 h</li> <li>- <b>2 puntos</b> por curso/congreso/xornada de &gt; 20 h</li> </ul>	<b>4 puntos</b>
		<b>Organización/impartición de cursos relacionados coa docencia universitaria (do CUFIE, do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións) e congresos e xornadas de innovación docente cunha duración de 10 ou máis horas presenciais/virtuais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>0,15 puntos</b> por curso/congreso/xornada = 10 h</li> <li>- <b>0,25 puntos</b> por curso/congreso/xornada de &gt; 10 h e &lt;= 20 h</li> <li>- <b>0,5 puntos</b> por curso/congreso/xornada de &gt; 20 h</li> </ul>	<b>2 puntos</b>
		<b>Contribucións a congresos e xornadas de innovación docente</b>	<b>1,0 puntos</b> por contribución	<b>4 puntos</b>
	<b>PESO DO AUTOINFORME</b> (Máximo 10 puntos)	<b>Autoinforme</b>	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores.	<b>10 puntos</b>

3.2.3. PUBLICACIONES DOCENTES	EVIDENCIAS/INDICADORES		CÁLCULO	PUNTUACION MÁXIMA
	PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores que puntúan a maiores.	10 puntos
PUNTUACIÓN ADICIONAL * PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES (Máximo 3 puntos)	Publicacións docentes: libros, manuais, monografías, publicacións de ámbito xeral da disciplina con finalidade docente (autoría, edición e avaliación)	1,5 puntos por autoría 0,75 puntos por edición 0,75 puntos por avaliación	3 puntos	
3.2.4. INNOVACIONES DESENVOLVIDAS	PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES (Máximo 10 puntos)	Participación en grupos e/ou proxectos de innovación docente (GID)	Coordinador/a do grupo: 2,5 puntos por curso académico Membro do grupo: 2,0 puntos por curso académico	10 puntos
	PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores (incluída tamén a reflexión/xustificación das evidencias que puntúan a maiores).	10 puntos
	PUNTUACIÓN ADICIONAL * PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES (Máximo 4 puntos)	Participación en proxectos de aprendizaxe e servizo	1,0 puntos por contribución	4 puntos
		Premios e/ou recoñecementos de innovación docente	2,0 puntos por contribución	
		Participación na elaboración de MOOC	1,5 puntos por contribución	
Participación en actividades relacionadas co bacharelato STEAM		1,0 puntos por contribución		
3.2.5. MOBILIDADE DOCENTE	PESO DO AUTOINFORME (Máximo 10 puntos)	Autoinforme	Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores que puntúan a maiores.	10 puntos
	PUNTUACIÓN ADICIONAL * PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES (Máximo 3 puntos)	Estadías de mobilidade docente en institucións de educación superior nacionais e estranxeiras	Estadía nacional: 0,2 puntos por día Estadía estranxeira: 0,3 puntos por día	3 puntos
Estadías de formación en institucións de educación superior nacionais e estranxeiras		Estadía nacional: 0,2 puntos por día Estadía estranxeira: 0,3 puntos por día		